



# Alimentos de Tempada

Os alimentos de tempada son máis sans, máis baratos e máis ecolóxicos. Ademais, saben ao que teñen que saber e cheiran de marabilla, coma se fosen cultivados nun horto no patio da túa casa.

## **Máis sans e saborosos:**

Cultívanse en chans ricos, co clima adecuado e completando o seu calendario natural. No momento da súa recolección manteñen intactas todas as súas propiedades nutricionais, textura, cheiro e sabor.

## **Máis baratos:**

Durante certos períodos do ano, a dispoñibilidade nas tendas destes produtos é maior. E ao aumentar a oferta, diminúen os prezos.

## **Máis ecolóxicos:**

Porque respectamos o ciclo natural e a zona de produción dos alimentos, evitando a implantación de monocultivos intensivos que esgotan o chan. E ademais, redúcese o gasto enerxético ao minimizar a necesidade de transporte, distribución e almacenaxe.

